



Paraiso  
entre ríos

# INFORMACIÓN MUNICIPAL

*Volvo a recordarvos a necesidade que todos temos de realizar unha boa xestión forestal. Vivimos nun concello cunha importante masa arbórea e, tanto os propietarios, que deben velar pola riqueza que este lles proporciona, como as distintas administracións, debemos sumar esforzos e facer uso de boas prácticas xa que unha boa xestión forestal ten como principal obxectivo mellorar a produtividade do monte de maneira sostible asegurando, ademais, a persistencia e estabilidade dos distintos ecosistemas.*

*Os aspectos a ter en conta polos propietarios, están establecidos nunha Orde da Consellería de Medio Rural na que se describen as boas prácticas forestais, as distancias de plantacións, densidades, podas ou desbroces.*

*Resulta imprescindible mellorar a xestión do monte, facela máis responsable e, con elo, contribuír á prevención ante os incendios forestais facendo que a súa propagación sexa máis difícil.*

*Os recursos que proporciona o monte benefician a toda a sociedade e non podemos permitir que o valor que representa estea ameazado pola propagación do lume que afecta tamén á beleza do entorno, mata a fauna que o habita e pon en risco a integridade das persoas.*

*Outro aspecto importante a ter en conta á hora de aproveitar a riqueza que o monte nos proporciona, son os prexuízos que as talas veñen ocasionando nos terreos de uso común, nas vías de tránsito forestal e incluso nas estradas municipais.*

*O depósito da madeira cortada utilizando as vías de uso público para o seu almacenamento ou os danos que esta actividade ocasiona nos camiños,*



*son problemas que debemos solucionar polo ben común. Os propietarios deben poder beneficiarse desa riqueza que teñen en depósito no seu monte pero sen que isto cause deterioro e invasión dos espazos comúns.*

*O gran esforzo en inversións que continuamente estamos a realizar para que as estradas e vías de servizo cumpran o seu obxectivo de facilitar o tránsito rodado, vese moitas veces truncado polo desgaste que o depósito, carga e transporte da madeira supón para as mesmas xa que moitas veces invádense as vías públicas, déixanse sen limpar as zonas de uso común ou transítase con vehículos que exceden a capacidade de resistencia do firme.*

*O monte é fonte de riqueza e todos debemos coidalo sen que isto supoña un custe engadido para o benestar dos demais.*

*É responsabilidade de todos, non o esquezas*

## Entroido en Paderne

Celebrouse o día 13 de febreiro, mércores de cinza no campo de O Telleiro. A queima da sardiña, sesión de fogos artificiais, e a degustación de empanadas e viño da terra, xunto coa música do grupo de alumnos da Uned Senior; axudaron a pasar unha agradable noite de disfraces.

## Excursión a Pontevedra e Combarro

Tivo lugar o 25 de febrero. Durante a visita da mañá o grupo estivo acompañado dunha guía. Despois de comer nunha localidade próxima, o grupo acercouse ata a vila de mariñeira de Combarro típica polos numerosos hórreos.

## Aniversario do Centro de Maires

Por décimo ano, celebrouse o pasado 6 de marzo o aniversario do Centro de Maires. Durante a mañá e despois de recoller ás persoas asistentes polas distintas parroquias, o grupo achegouse ata o Castelo de Santa Cruz, en Oleiros admirando a transformación realizada que fixo deste enclave un centro de divulgación da natureza. Pola tarde e despois da comida realizouse o tradicional sorteo de regalos e tivo lugar un animado baile.

## Día Internacional da Muller

Celebrámolo o 12 de marzo; o Alcalde e o Concelleiro de Benestar Social, fixeron un repaso do papel da muller na sociedade complementándose este acto co visionado do corto "Marea de Mulleres" que dou paso a un animado coloquio.

## Obradoiro sobre o aforro de luz no fogar

Tratouse dunha soa sesión de hora e media, onde se trataron, de forma sinxela e accesible, temas relacionados coa comprensión da factura da luz, como optimizala segundo as necesidades de cada familia, opcións para pequenos cambios nas vivendas que supoñan un aforro enerxético e o bono social.



*O Alcalde co grupo de alumnos da UNED e o seu profesor*



*Foto de grupo no Castelo de Santa Cruz*



*O Alcalde e o Concelleiro na presentación do acto*

## Subvencións nominativas 2017 da Deputación da Coruña

Por un importe de **29.282 €**, vense de executar a obra "**Adquisición de marquesiñas**" en todo o termo municipal. A través da mesma, realizouse a substitución das anteriores infraestruturas danadas e colocáronse as actuais sobre unha base de formigón proporcionando así maior solidez ás mesmas.

Por un importe de **34.414,15 €**, vaise a realizar proximamente os proxectos de "**Acondicionamento da Aula da Ría**" e o "**Acondicionamento do Centro Cultural de Chantada**", importantes infraestruturas municipais de gran beneficio tanto para a divulgación do entorno natural como para a convivencia veciñal.

## Plan de Obras e Servizos (Pos + 2017) da Deputación da Coruña

A través deste Plan de Obras e Servizos (POS + 2017) da Deputación da Coruña e por un importe de **74.467,03 €**, vai a comezar proximamente a "**Mellora da pavimentación nas parroquias de Souto, Velouzás, Paderne e Adragonte**".

O seu obxecto é dar unha solución das deficiencias detectadas perfeccionando o firme nalgunhas das estradas destas parroquias e facilitar así o tránsito dos vehículos polas mesmas.

## Obras pendentes de contratación


- A través do **Plan Marco 2017 da Xunta de Galicia** e por un importe de **57.517,35 €**:  
"Mellora do afirmado de camiños nas parroquias de Vilamourel e Paderne"
- A través do **POS Adicional 1/2017 da Deputación da Coruña** e por un importe de **42.158,32 €**:  
"Mellora da pavimentación nas parroquias de Paderne, Velouzás, Viñas e Vigo"
- **Financiada polo concello** e por un importe de **33.385,32 €**:  
"Ampliación e mellora da captación de augas municipal no lugar do Casal"

## Subvencións Solicitadas á Xunta de Galicia

- Solicitud, á Consellería do Mar, dunha axuda de **17.545 € para a realización do proxecto "Paderne mira ó mar"**. Dentro das axudas económicas para proxectos ó abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo aprobadas ós grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020.
- Solicitud, á Consellería de Cultura, dunha axuda de **26.024,59 € para o proxecto de "Mellora de accesibilidade no centro cultural de Souto"**, dentro das subvencións a concellos de Galicia para o equipamento e mellora das instalacións de locais utilizados para a realización de actividades culturais.
- Solicitud, á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, dunha axuda de **19.999,99 € para o proxecto de "Limpeza e restauración do camino Baya-Gato"**, ao abeiro do disposto na Orde de 21 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para os anos 2018 e 2019 das axudas a investimentos non productivos vinculados á realización de obxectivos agroambientais e climáticos en concellos incluídos na Rede Natura 2000, cofinanciados co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020.
- Á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e dentro do Fondo de Compensación Ambiental, unha axuda de **8.000 € para o proxecto "Plan de actuación contra a vespa velutina"**.
- Á Consellería de Economía, Emprego e Industria e, dentro das subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito da colaboración coas entidades locais, solicítase unha axuda de **5.420,60 € para a contratación de 2 socorristas para a tempada de verán na piscina municipal**.
- Á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e ó abeiro do disposto na Orde de 4 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestructuras, dotacións, instalación e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, solicítase unha axuda de **41.666,81 € para o proxecto de "Prego de prescricións técnicas para a mellora e rexeneración do alumeado público nos lugares de Gas e Porto"**.

## Lixo, reciclaxe e normas básicas de obrigado cumprimento

### O que podes depositar en cada contedor



Ó depositar os residuos debemos facelo no contedor adecuado.

Se os mesturamos, botamos a perder o esforzo de todos porque cada vez que un residuo acaba no contedor que non lle corresponde o proceso párase.

A recollida de mobles e enseres é un servizo moi útil e necesario para todos.

Todos sabemos cando debemos depositalos e todos temos a obriga de respectar estas normas polo benestar común.

### RECOLLIDA DE MOBLES E ENSERES

Realízase unha vez ó mes

¿CANDO DEBES DEPOSITALOS NOS PUNTOS DE RECOLLIDA?

Os primeiros Mércores de mes



### COMPOSTAXE: unha maneira intelixente de reducir os desperdicios



Por que tiramos ó lixo algo tan valioso co que podemos facer un abono de primeira calidade para as nosas hortas e xardíns?

É moi sinxelo; os nosos maiores xa o facían; con elo reduciremos en gran medida o que tiramos ó contedor.

## XVII Festa dos Maires • Día 28 De Abril

### ¿Quen pode participar na festa?

As persoas maiores de 65 anos ou pensionistas maiores de 60 e a súas parellas aínda que non cumpran este requisito con un custo por persoa de 15 €. Ambos deben estar empadroados no Concello.

### ¿Como acudir ó lugar de celebración?

Contarase cun autobús que recollerá ós asistentes polas distintas parroquias.

### ¿Como pasaremos o día?

- **13:00 h** - Saúda do Alcalde.
- **13:15 h** - Celebración da Misa de Campaña cantada polo coro da Asociación de Veciños Albeiro, de Velouzás.
- **13:45 h** - Acto de felicitación ós maiores de cada parroquia.
- **14:30 h** - Comida.
- A partires das **16:00 h**, sorteo de regalos

***ANÓTATE NO CONCELLO ANTES DO 20 DE ABRIL***

## Día das Letras Galegas

Será o día 17 de maio ás 12:00 h na praza do Campo da Escola en Insua, Viñas. Comezaremos cunhas palabras do Alcalde coas que recordará ó persoeiro homenaxeado nesta edición.

**M<sup>a</sup> Victoria Moreno Márquez** (1939-2005), foi a escritora elixida pola Real Academia Galega.

Contaremos cos sons da Escola de Gaitas San Pantaleón e as voces da coral Alcoa-Inespal. Ó remate do acto compartiremos todos uns pinchos e un viño da terra.

***¡¡Esperámosvos para a celebración deste Día!!***

## Colaboracións coas parroquias

**Xuntanza de Gaiteiros**, 5 de maio - Organizada pola comisión de festas de Velouzás

**Festa da Santa Cruz de Vigo**, 12 de maio

**Festa das Flores en Obre**, 26 de maio

**Aniversario da Asociación de Veciños de Quintas**, 2 de xuño

**Festa do San Paio da Asociación de Veciños de Velouzás**, 8 de setembro

## Colaboracións coas comisións de festas

O Concello colabora tamén coas comisións de festas de **Paderne, Vilamourel, Adragonte, Viñas e Velouzás** para que os veciños poidan disfrutar das respectivas festas parroquiais e manter así viva unha tradición que identifica a nosa cultura.

Para todas elas o Concello proporciona a infraestrutura e recursos necesarios a fin de que os veciños poidan realizar estas celebracións.